




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 POLÍTICA TERRITORIAL,
 OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
 Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e
 Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
 15781 - Santiago de Compostela
 Tif.: 981 54 43 56 - Fax: 981 54 43 43

Ac04039
 A CORUÑA
 MP PXOM FRONTE MARÍTIMA
 DA RÍA DO BURGO
 AD. Notif. Orde
 Páxina 1 de 3



908
 PJA

Sr. Alcalde do Concello da Coruña.

Notifícolle que con data do 1 de outubro de 2008 a Sra. ~~Conseleira de Política Territorial,~~ ~~Obras Públicas e Transportes~~ ditou a orde que literalmente di:

Ato de A Coruña /
 Concello da Coruña
 REGISTRO XERAL DE ORDENACIÓN TERRITORIAL E URBANÍSTICA
 ENTRADA/ENTRADA
 Fecha/Date 10-10-08 00:00:00
 N. Negociu/Negociu 4628/01
 Código/Código RMPES1081

"ORDE DO 1 DE OUTUBRO DE 2008 POLA QUE SE APROBA DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA CORUÑA NA FRONTE MARÍTIMA DA RÍA DO BURGO.

O Concello da Coruña remitiu o expediente da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) na fronte marítima da ría do Burgo, aprobado provisionalmente polo Concello o 5 de febreiro de 2007, solicitando a súa aprobación definitiva, conforme ao previsto no artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

A modificación é formulada polo concello e ten por finalidade a reordenación da franxa litoral comprendida entre a Avda. da Pasaxe e a Ría do Burgo, dende o límite do termo municipal co Concello de Culleredo ata o límite da zona de servizo do Porto de A Coruña.

Logo do exame do expediente por parte da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, con data do 4 de xullo de 2008 resolveuse non outorgar a aprobación definitiva, debido ás deficiencias atopadas no proxecto.

Posteriormente o concello remitiu un documento de correccións, aprobado polo Pleno o 4 de agosto de 2008, no que, de acordo co informe elevado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, quedan emendadas as deficiencias do proxecto.

Segundo consta no expediente administrativo, o concello realizou os trámites legalmente previstos, solicitou os informes sectoriais preceptivos e someteu o proxecto a información pública de conformidade coas esixencias da LOUG, non apreciándose a ausencia de ningún trámite preceptivo.

Particularmente, cómpre destacar que a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, en data 27/04/2007, emitiu informe favorable para os efectos do disposto no artigo 94.4 da LOUG, por afectar a modificación a zonas verdes cualificadas polo PXOM. Así mesmo, por medio dunha resolución de 18/05/2007, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible declarou a



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e
Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela
Tif.: 981 54 43 56 - Fax: 981 54 43 43

909

Ac04039 A CORUÑA MP PXOM FRONTE MARÍTIMA DA RÍA DO BURGO AD. Notif. Orde Páxina 2 de 3

inviabilidade do sometemento desta modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

En consecuencia, de conformidade cos artigos 89 e 93.4 da LOUG, e co artigo 1 do Decreto 188/2008, do 28 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, segundo os cales a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva das modificacións do planeamento xeral lle corresponde á conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes,

RESOLVO:

Aprobar definitivamente a modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal do Concello da Coruña na fronte marítima da ría do Burgo. Esta aprobación definitiva abrangue os seguintes documentos:

- As follas segunda e terceira do plano "clasificación, cualificación e regulación do solo e a edificación en solo urbano e de núcleo rural, rede viaria e aliñacións" (escala 1/1.000) nos que se fai constar que foron elaborados como consecuencia do informe emitido pola Dirección Xeral de Costas do 26 de marzo de 2007.
- A seguinte documentación aprobada polo Pleno municipal o 4/08/2008:
 - Apartados 1.6.1.2 "Cumplimiento de los límites de sostenibilidad", 1.6.1.3 "Cumplimiento de los estándares urbanísticos. Cohesión social", 1.6.1.4 "Cumplimiento de la dotación de aparcamientos de titularidad pública exigidos por la Ley", 1.5.1 "Polígonos y áreas de reaprto en suelo urbano no consolidado" e o parágrafo segundo do punto i) "condiciones de estética" do apartado 4 "Condiciones particulares de la edificación" da Norma zonal 12 "edificación en bloque".
 - Ficha normativa do polígono RB-1 "Xubias de Arriba I".
 - Primeira folia do plano de "Clasificación, calificación y regulación del suelo y la edificación en suelo urbano y de núcleo rural. Red viaria y alineaciones".
 - Primeira folia do plano de "Régimen y gestión del suelo urbano".
- Os restantes contidos do proxecto de modificación aprobado provisionalmente polo Pleno municipal o 5 de febreiro de 2007 que non son substituídos polos anteditos.

910



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e
Urbanismo


Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 - Santiago de Compostela
Tif.: 981 54 43 56 - Fax: 981 54 43 43

Ac04039
A CORUÑA
MP PXOM FRONTE MARÍTIMA
DA RÍA DO BURGO
AD. Notif. Orde
Páxina 3 de 3

Notifíquese esta orde ao Concello."

O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2008.



Subdirector xeral de Urbanismo

José Luis Álvarez Vicente